



A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 31 de outubro de 2016 acordou a creación da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, poñéndose en funcionamento a sede xunto co rexistro telemático o día 18 de maio de 2017, onde os cidadáns a través da URL <http://sede.vilagarcia.gal> que contén con certificado electrónico, poden presentar telematicamente as solicitudes que dirixan ao Concello sen necesidade de acudir presencialmente.

As persoas que non contén con certificado electrónico poden solicitar na segunda planta do Concello a asignación dun usuario e contrasinal, que será emitido polo Concello nese mesmo momento, e a partir de aí xa poden presentar telematicamente as solicitudes que dirixan ao Concello.

A sede electrónica (sede.vilagarcia.gal) tamén conta cun servizo de gran utilidade, como obter de modo inmediato un volante de empadramento, que acredita as persoas que viven nun enderezo, que se utiliza para numerosos trámites administrativos, (matrícula colexios, dni, campamentos, xefatura de tráfico, etc.)

A sede electrónica (sede.vilagarcia.gal) dispón tamén de apartados de acceso público e directo, sen necesidade de contrasinal onde se facilitan datos sobre transparencia municipal, organización municipal, etc.

Neste momento xa foron presentadas solicitudes de cidadáns, a través do rexistro telemático, que están sendo tramitadas e tamén numerosas persoas, (que non contan con certificado electrónico) solicitaron a asignación de usuario e contrasinal para poder utilizar este novo servizo co que conta o Concello.

É dicir, todos/as so/as cidadáns poden utilizar a sede electrónica, tanto os/as que contén con certificado electrónico , como os(as que non teñan o devandito certificado electrónico, neste último caso só deben solicitar no Concello a asignación de usuario e contrasinal.

O Concello dispón asimismo dunha oficina de asistencia a Sede Electrónica, situada na Avda. de Matosinhos nº 1, onde poderá acudir calquera cidadán para iniciarse no manexo destas novas ferramentas informáticas.

O nº de teléfono da oficina é 986 511 621

A Secretaria Xeral
Rosa Losada Suárez